


Informa

marzo 2006



STEG

Sindicato de Traballadoras e
Traballadores do Ensino de Galicia

IGUALDADE

✖
FEITOS

—
PALABRAS

8 marzo
♀6



2

**Igualdade: máis feitos e
menos palabras**

Sexismo e vídeoxogos

**E en Galicia: cando
conciliamos?**

3

COLABORACIÓNS:

Coeducación: o tema
sempre pendente

**Tempo de Mulleres,
Mulleres no Tempo**

DE MEL E FEL

Incribel pero certo

4

**Feminismo, sempre
imprescindíbel**

Convocatorias de mobilizacións
e actos de ámbito nacional e local
para o 8 de marzo

Para ver...

Para ler...

Na nosa páxina web tedes á vosa
disposición unidades didácticas
sobre o 8 de marzo para traballar
en Educación Infantil, Educación
Primaria e Educación Secundaria

www.stegsindicato.org/muller.htm

stegmuller@stegsindicato.org

Igualdade: máis feitos e menos palabras

Un ano máis celebramos o DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES, e un ano máis vémonos obrigadas a denunciar a situación internacional violenta que estamos a vivir, unha situación na que os dereitos humanos e en especial os dereitos das mulleres son sistematicamente vulnerados.

As agresións bélicas, as torturas, as lapidacións, as violacións, o tráfico e o asasinato de mulleres, e outras moitas vulneracións dos nosos dereitos son proba evidente da magnitude da inxustiza social e das perversas desigualdades dun mundo globalizado. **Non é de estrañar que as mulleres sexamos as primeiras en loitar pola paz e a xustiza** en todos os recunchos do mundo. Pola nosa forma de nos organizar en redes de solidariedade, horizontais e participativas, servimos de precedente e de base ao chamado movemento antiglobalización.

A violencia física súmase a explotación económica. A pobreza continúa tendo rostro de muller: a pesar de que carexamos coa maior parte do traballo, **as mulleres só posuímos o 1% da riqueza mundial**. Aquí, o inimigo é igualmente poderoso, porque a súa única lóxica é a do beneficio. A miúdo, os intereses das empresas están por encima dos Estados, do respecto ao medio



ambiente e dos dereitos de traballadoras e traballadores. Por iso esiximos a todos os gobernos un compromiso firme co obxectivo de erradicar a indixencia na que viven dous terzos dos habitantes do planeta. A globalización neoliberal que estamos padecendo non fai senón afondar as desigualdades económicas, sociais e sexuais. Como recoñecen todos os organismos internacionais de axuda ao desenvolvemento, **o máis eficaz é dar educación e posibilidades de elección ás mulleres**. Non debemos esquecer que son elas as que padecen o analfabetismo en maior grao e sen embargo soportan as maiores

cargas na sustentabilidade das familias.

Manifestamos o noso recoñecemento e solidariedade con todas as persoas que se mobilizan -ás veces en condicións de máxima adversidade- pola paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Pero habemos de seguir denunciando que as mulleres seguimos sufrindo violencia e discriminación na maior parte do mundo, tanto nos ámbitos da saúde, a reprodución e a educación, como nos ámbitos da promoción profesional, intelectual e política. Mesmo nos países desenvolvidos como o noso, as mulleres atopámonos con un teito de cristal que limita a nosa equiparación cos homes, sobre todo cando queremos



acceder a postos de liderato político, económico, social e intelectual.

A liberación das mulleres segue sen se producir, a pesar de que levamos séculos de loita ás nosas costas. A igualdade pode quedarse nun termo baleiro de contido se non se reflicte tanto nos dereitos como nos feitos. **Non queremos promesas de discriminación positiva e de inclusión de perspectiva de xénero nas políticas públicas se non se van cumprir**, e para iso fai falta que vaian acompañadas de orzamentos suficientes.

Conciliar a vida familiar e laboral non significa só que nos reduzan a xornada laboral para poder compaxinala co traballo doméstico, é necesario que os homes se corresponsabilicen dos coitados familiares para que non sexamos nós as que sigamos cargando con todo o peso do fogar. Para iso, **necesitamos educar en igualdade, solidariedade, xustiza e feminismo en todos os niveis educativos e na sociedade no seu conxunto**. Necesitamos erradicar o machismo e pensamos que a visibilidade pública das mulleres, o seu acceso a postos de poder e responsabilidade é unha esixencia imprescindíbel para avanzar cara unha sociedade máis igualitaria e máis libre.

ESIXIMOS MÁIS FEITOS E MENOS PALABRAS

E en Galicia: cando conciliamos?



O STEG continúa coa campaña "PERMISO DE MATERNIDADE: ASÍ SE CONCILIA" que puxo en marcha no segundo trimestre do curso 2004-05, coa que demandamos para as e os docentes de Galicia melloras relacionadas coa maternidade e a lactancia.

Consideramos que os pasos que se están a dar na Administración Central, a conta do Plan "Concilia" que acaba de poñerse en marcha, ou a situación existente noutras comunidades e nacionalidades do Estado que xa disfrutaban de medidas moito máis avanzadas na conciliación da vida laboral e familiar desde

hai tempo, deben tamén chegar a Galicia.

Nestes momentos o STEG ten concedida unha entrevista co Secretario Xeral da Consellería e coa Subdirección Xeral de Persoal, aos que lles imos expor novamente as nosas propostas, pero o que consideramos como máis urxente é que se aplique de forma inmediata a posibilidade de acumulación do permiso por lactancia existente para aquelas mulleres que así o queiran. Este punto é a exigencia fundamental que lles plantexaremos, á marxe de que as nosas demandas sexan outras (ampliación do permiso de maternidade

a 26 semanas, aumento a 4 semanas do permiso para a parella, ou 24 meses de permiso de lactancia acumulables ao de maternidade ata un máximo de 9 semanas).

Entendemos que as nosas reivindicacións deben continuar ata que a Administración Galega esperte do seu aletargamento, equipare os dereitos do seu funcionariado aos do resto do Estado Español e vaia dando pasos a prol dunha sociedade na que non sexa incompatible vivir e traballar... sobre todo para nós, as mulleres.

Sexismo e videoxogos

O sexismo na nosa sociedade occidental está ben lonxe de desaparecer, e se nos introducimos no vasto mundo dos vídeo xogos non só non tende a desaparecer senón todo o contrario. É un valor en alza omnipresente e agobiante a partes iguais.

Ben sabemos que o número de xogadores de videoxogos supera con amplitude ao de xogadoras (67% de mozos e 24/23% de mozas, Instituto da Muller, 2004). Non é misterio ningún que quen deseña, elabora, elixe, distribúe, etc. os contidos dos videoxogos, son aqueles sectores da sociedade que están en situación de poder facelo. Son sectores que ostentan o poder económico, intelectual e social no eido do mercado, do grande mercado. Son sectores onde raramente encontramos figuras femininas. Son logo sectores masculinos, ou mellor dito, sectores compostos por homes que desenvolven a fondo a chamada "cultura macho". É dicir, unha pseudocultura violenta, ridícula e sen sentido, na que se distorsionan e glorifican os valores, as accións e as actitudes totalmente primarias e atribuídas desde tempos inmemoriais aos homes: o poder, a forza, o orgullo, o desprezo, o dano, etc. Xa vedes que **en ningún momento se fala de pensamentos, reflexións ou sentimentos**. É máis, calquera destes tres eidos serían equivalentes aos de covardía, fraqueza e debilidadade.

Polo tanto, poderíamos dicir que os vídeo xogos están feitos **por** figuras masculinas **para** figuras masculinas, identificando a "cultura macho" como valor universal, como única verdade e camiño a seguir. Por suposto que o mercado tamén conta con algún videoxogo adicado a rapazas ou mulleres. ¡Que non se diga!, e sobre todo ¡que non se queixen nin protesten!. Para elas tamén hai videoxogos onde as temáticas oscilan entre a moda e a maquiillaxe.

¿Esperan realmente esas mentes masculinas pensantes e creadoras dos contidos dos videoxogos ter un grande público entre as mulleres? Pois están ben errados, porque **ata hoxe en día as mulleres non ven nestes contidos agresivos, bélicos e violentos, a resposta ás súas inquedanzas nin ás súas ansias de aprender ou de ocio**. Non serán temas como o fútbol, a guerra, as loitas, etc. os que motiven o imaxinario feminino.

¿E que dicir sobre a representación feminina (infinitamente menor que a masculina) nos videoxogos? A muller sempre aparece representada por un corpo modelado de xeito abusivo. Sempre vista como un obxecto de seducción, con trazos e volumes máis que esaxerados, marcando o máis posible os atributos sexuais femininos. En canto ao rol da muller, temos dúas


vertentes: a primeira e máis estendida é a muller como obxecto-persoa símbolo da debilidade, do conformismo, da submisión que ten que ser salvada por un ou varios homes aos que lles estará eterna, sexual e sentimentalmente rendida e agradecida porque ela por si mesma non pode actuar nin valerse... Esta vertente vólvese perigosísima para a concepción que as e os adolescentes fan dos roles feminino e masculino. O valioso, poderoso e o significativo é o sistema masculino, que se volve, digamos, o xénero neutro, volvéndose o feminino á súa vez unha excepción. Polo tanto, os rapaces aprenden o valor de dominación, da opresión e da violencia, mentres que as rapazas aprenderán a ser dependentes, submisas e a baixar o seu nivel de autoestima ata o fondo de todo.

A outra vertente resulta ser froito das protestas internacionais contra o sexismo no videoxogo. Pois ben, estas protestas foron intencionadamente mal interpretadas e como consecuencia aparecen no mercado videoxogos protagonizados por mulleres con actitudes, aptitudes e accións marcadamente masculinas. Iso si, tendo unha figura de corpo totalmente erotizada.

Todo isto afecta unha vez máis directamente e en profundidade á autoestima das mozas, á imaxe que delas mesmas se fan e do posto que ocupan no fogar, na sociedade e no mundo.

Outra influencia negativa derivada do sexismo nos vídeo xogos que tamén sería obxecto de estudo en detalle é como aprenden a relacionarse os rapaces coas rapazas e o que esperan delas.

En resumo, diremos que **o sexismo nos videoxogos transmítese non só a través das imaxes senón no conxunto da linguaxe, dos roles, das accións, etc.** A violencia, o perigo, e a superioridade móstranse como os valores a seguir e alcanzar. E demostrado está, o mercado pide violencia. Canto máis violento é o xogo, máis vende.



Coeducación: o tema sempre pendente

Nos últimos 25 anos temos experimentado 4 leis educativas diferentes. Os movementos feministas e o profesorado comprometido con cambios a prol da igualdade de oportunidades e recoñecemento histórico e científico das mulleres non temos decaído ante ningunha das reformas e contrarreformas **esixindo unha escola coeducadora. Unha escola coeducadora, que se comprometa realmente coa educación para a igualdade.**

A perspectiva non é nada alentadora, hai 15 anos coa reforma que se iniciaba coa LOXSE abríase a porta ao traballo sobre temas transversais, como a educación afectivo-sexual, a educación en valores de convivencia e bo trato, tan propios da cultura das mulleres e tan útiles para a prevención da violencia de xénero, a promoción da igualdade, do respecto e liberdade.

Pouco a pouco fóronse esvaendo os principios e ideais que guiaban a reforma, e nunca se criaron os recursos, nin os tempos, nin os planos para afondar na coeducación.

Hoxe, apartada a contrarreforma que pretendía a LOCE, unha lei segregadora e sexista, e embarcadas nunha nova lei educativa, a LOE, **non podemos permitírnos abandonar esta idea e perder a ocasión** para enfrontar, aínda que sexa con retraso e sen unha experiencia previa sólida e avaliada, o reto de tentar construír unha escola coeducadora.

Temos algún apoio externo, escaso pero significativo, como son os capítulos dedicados a medidas educativas na Lei Integral de Prevención da Violencia de Xénero e na Lei Galega de Igualdade. Certamente son moi xerais pero danlle rango de lei ao que o movemento feminista e o profesorado comprometido coa coeducación sempre defendemos.

Temos bastantes problemas internos, desaparición dos temas transversais na nova lei, menos tempos para a coordinación de planos e programas e demasiadas cargas curriculares. Ademais, despois de evitar o debate sobre a necesidade e oportunidade dunha materia sobre igualdade, temos unha nova materia *Educación para a Cidadanía*, que non sabemos o que se espera dela e moito menos en que se pode converter.

Ao tempo, observamos un claro retroceso social: moitos/as pensan que a escola non é o lugar onde temos que traballar estes temas, que á escola se vai a aprender lingua, matemáticas e ciencias...E outros/as, con intereses no adoutramento moral de nenos e nenas, consideran "perigosos" materiais como a *Guía para Chicas* de María José Urruzola, utilizada desde os anos 90 como recurso coeducativo e agora retirada pola *Consejería de Educación* de Castela A Mancha, gobernada polo PSOE, sen resistir a ofensiva do PP.

Así as cousas, non nos queda outra que tirar para adiante, e non decaer nunca nos obxectivos dunha escola coeducadora que sexa capaz de dar recoñecemento ás mulleres, superar os estereotipos de xénero que restrinxen a liberdade de homes e mulleres, respectar e valorar as diferenzas e mostrar outras masculinidades e feminidades máis libres.

Claro que todo isto non se consegue unicamente coa vontade do profesorado e profesionais comprometidos coa coeducación. **É necesario e urxente planificar e coordinar accións desde a administración educativa**, introducir protocolos e pautas de intervención nos proxectos educativos e curriculares dos centros e nos plans de acción tutorial, para que chegue planificada e coordinadamente a todas as aulas e todas as persoas que preparamos para construír outro mundo, máis xusto e igualitario.

Vitoria Rei Mariño (Asesora en Igualdade)
Concha Fernández (Profesora de Formación Profesional)



Por segundo ano consecutivo a Asemblea de Mulleres do STEG edita o **CALENDARIO DE MULLERES: Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo**, en colaboración co Instituto de la Mujer.

En cada un dos 365 días do ano, volven aparecer referencias a mulleres que aportaron o seu saber, a súa experiencia e ideas ás artes, ao teatro, á política, á literatura, á xustiza social, á ciencia,... tanto na actualidade como nos séculos precedentes, aportacións que na maioría de casos teñen sido ignoradas e invisibilizadas.

Despois da boísima aceptación que o ano pasado tivo esta iniciativa, o Calendario de Mulleres 2006 **aparece cun novo formato e diferente contido**, xa que, non só realizamos un importante traballo de investigación e recopilación partindo dos estudos de xénero co obxectivo de recuperar os nomes, vidas, historias e aportacións de todas elas ao coñecemento e experiencia universal, senón que incluímos mes a mes actividades para coñecer e profundar máis na vida e, sobre todo, na valía de cada unha destas mulleres.

Das 365 datas con nomes e historias de mulleres, 45 son galegas. **Para elas e para todas en xeral vai a nosa sinxela homenaxe**, desexando

que deste xeito contribuíamos a subsanar a inxustiza cometida con tantas mulleres e a fomentar unha mirada crítica e unha sensibilidade sen exclusións nin prexuízos.

Esperamos que sexa un material útil e valioso para os centros educativos, tan necesitados de superar os estereotipos de xénero e avanzar cara un modelo realmente coeducativo.

Incribel pero certo



A condena a morte por lapidación é común nalgúns países de África nos que se segue pensando

que a honra da familia depende da sexualidade das mulleres.

Na India é común a práctica de **asasinar á esposa** (envelenándoa, esganándoa ou queimándoa) cando a familia dela non pode seguir pagando a dote.



Nalgúns países de América Latina miles de mulleres, especialmente indíxenas, son sometidas sen o seu consentimento a **esterilizacións forzosas**.



Na China, un vintecinco por cento das **nenas**, consideradas unha carga social, son abandonadas ou asasinadas ao nacer.



130 millóns de mulleres en todo o mundo sufriron de nenas ou mozas a

mutilación xenital que se considera necesaria para preparar ás nenas a aceptar as responsabilidades co seu futuro marido.



En todo o mundo as mulleres seguimos sendo as vítimas principais da **violencia estrutural** do sistema: pobreza, inmigración, precariedade no acceso ao emprego, dobres e triples xornadas, imposibilidade de acceso aos sistemas sanitarios e de servizos sociais.

Segundo os datos da Unión Europea, entre 200 e 500 mil mulleres e nenas son vítimas cada ano en Europa do **tráfico sexual** para a súa explotación na prostitución.



Os asasinatos de mulleres, fundamentalmente das que viven na pobreza, quedan na impunidade nalgúns países. É o caso das vítimas de Ciudad Juarez, en México: nos últimos anos máis de 300 mozas traballadoras das "maquilas" foron violadas, mutiladas e asasinadas nun "**femicidio**"* sen precedentes, sen que as continuas denuncias por parte dos familiares conseguiran a intervención do goberno e a xustiza para esclarecer os casos.



* FEMICIDIO: *Asasinato de mulleres cometido por homes desde a súa superioridade de xénero. Ten que ver coas feridas que se infrinxen no corpo da muller e con circunstancias sociais que imperan nese momento. Para*

que se dea, ten que haber unha complicitad de autoridades, persoas e institucións que están no poder político, económico e social. (Julia Monárrez Fragoso-Socióloga Mexicana)

DE MEL

Hoxe temos un goberno paritario na Xunta de Galicia. Non foi un camiño curto nin sinxelo. **Por iso lle queremos dar a benvida e compartir este logro con todas as organizacións feministas e de mulleres**, que denunciámos os teitos de cristal e esiximos que as mulleres tomemos a palabra e o protagonismo, tamén nos postos de poder máis representativos e visíbeis. Pouco a pouco vai calando na sociedade e nos partidos políticos. Falta que muden a lei electoral e a lei de partidos políticos.

No mes de xaneiro pasado tomaron posesión como primeiras ministras ou presidentas do goberno 4 mulleres: **Ellen Johnson Sirleaf**: Presidenta de Liberia, primeira muller presidenta dun país africano; **Michelle Bachelet**, primeira Presidenta de Chile; **Angela Merkel**, primeira Chancelreira de Alemaña e **Tarja Halonen**, reelixida Presidenta de Finlandia.

E FEL

Sabías que a comezos do século XXI e nun estado democrático, no que existe a liberdade de expresión, acabase de paralizar a difusión da cuarta **Guía para chicas: Cómo vivir las relaciones afectivas y sexuales**, de M^a José Urruzola Zabalza, na Comunidade de Castela-A Mancha? Poida que non guste que falemos do corpo das mulleres, da nosa sexualidade, dos nosos sentimentos, de como sentírmonos libres, de canalizar os nosos afectos, de previr embarazos non desexados, precisamente nunha sociedade aínda sexista que segue a negar o dereito das mulleres a disfrutar do noso corpo, da nosa sexualidade e afectos.

Sabías que o 85% das modelos que están a desfilar na pasarela Cibeles miden de media uns 1,80 cms e pesan entre 45 e 50 Kg?

Feminismo, sempre imprescindible

O feminismo é un movemento moi variado e plural que ten como obxectivo a defensa dos dereitos das mulleres e a transformación da sociedade patriarcal nunha sociedade en igualdade.

Cando escoitamos falar da ablación do clítoris, das lapidacións por adulterio, da obriga de cubrirse coa burka, das condeas a morte por homosexualidade, sentimos con claridade que o patriarcado está moi presente e fortalecido nesos puntos do planeta, mais pode parecer que é unha realidade allea a nós.

Nos chamados países occidentais está estendida a crenza de que as mulleres non precisamos do feminismo porque as sufraxistas reivindicaron e conquistaron o acceso á esfera pública: o sufraxio, o traballo asalariado non proletariado, a educación superior...

Máis tarde un renovado movemento feminista conseguiu cuestionar algunhas das normas e relacións sociais do patriarcado, volvendo controvertidos aspectos de este que antes eran aceptados como normativos, e conquistando dereitos fundamentais como o divorcio, o aborto, a personalidade xurídica, etc.

Agora, coa presión e a sensibilización social, obtemos cotas de representación, leis contra a violencia de xénero, leis de igualdade, etc..., pero seguimos observan-



do as enormes dificultades que comporta o noso acceso igualitario ao ámbito público, onde máis que un teito de cristal atopámonos cun auténtico muro de formigón.

Fronte a todo iso **as feministas seguimos, como hai dous séculos, estudando a nosa realidade, analizándoa, organizándonos**, participando desde outras organizacións sociais, desde os partidos políticos, as institucións, o mundo da cultura, porque o patriarcado segue presente na nosa sociedade. Está no número de mulleres asasinadas e agredidas, nos salarios máis baixos e nas condicións de emprego máis precarias, nas dificultades

para ocupar postos de dirección en todos os ámbitos, no número de mulleres obrigadas a prostituírse polas redes de traficantes, está na crecente feminización da pobreza, nas responsabilidades familiares non compartidas, nas dificultades para abortar, para formarse afectivo e sexualmente, na insatisfacción coa imaxe corporal que deriva en graves problemas de bulimia, anorexia ou operacións cirúrxicas, na baixa autoestima, no auxe dos integristas relixiosos e na aceptación das relixións que nos castran e alentan a nosa dominación, na exaltación de valores como a virxindade e o modelo familiar único...

O feminismo segue a ser unha ferramenta imprescindible para seguir subvertendo os códigos dominantes, para dar resposta á reacción machista fronte ao avance das mulleres en todos os ámbitos sociais, unha ferramenta que desmonte para sempre a sociedade patriarcal, para construír día a día unha sociedade inspirada nos valores da xustiza, a paz, a solidariedade, a liberdade e a igualdade.

Convocatorias de mobilizacións e actos de ámbito nacional e local para o 8 de marzo:

Manifestación nacional: sábado 11 de marzo, ás 18 h. na Alameda de Compostela.

A Coruña: concentración no Obelisco, ás 20:00 horas.

Costa da Morte: concentración na Alameda de Cee, ás 20:00 horas.

Compostela: concentración na Praza 8 de marzo, ás 20:30 h.

Ferrol: concentración ás 20:00 horas no Cantón.

Pontevedra: Concentración ás 20:30 horas e obradoiros a partir das 5 da tarde, na Praza do 8 de marzo.

Vigo: manifestación ás 20:00 horas, saída da Praza de Portugal.

A Organización de Mulleres da Confederación de STEs-I organiza as **XORNADAS SOBRE O LIDERATO FEMININO DAS MULLERES NO SÉCULO XXI**, que se celebrarán en Xixón os días 26, 27 e 28 de maio.




STEs-INTERSINDICAL
Organización de Mujeres

Para ver...

PRINCESAS

Fernando León de Aranoa



Preséntasenos a historia de dúas mulleres: Caye, rapaza de barrio marxinal, e Zulema, inmigrante dominicana. As dúas teñen en común a súa ocupación habitual: a prostitución. O que en principio empeza como unha loita primaria e visceral pola conquista de territorios (produto nacional contra competidora inmigrante), vólvese unha amizade cómplice, chea de confidencias na corda frouxa da vida. O filme móstranos ben definidos e delimitados, sen estridencias, os dous planos da vida de cada unha destas mulleres: **a muller e a prostitución**. E para non mesturar estes planos, as dúas fan o imposible por gardar os sentimentos, porque non afloran, porque non dominan e dirixan a súa vida, case por non sentir. Só hai un matiz minúsculo nas súas vidas: **a ilusión limpa, inocente e inxenua por ser princesas**, raíces no seu propio reino. E será precisamente nas reflexións inxenuas de Caye onde atopamos de fronte coa grande e verdadeira filosofía da vida.

AGUA CON SAL

Pedro Pérez-Rosado

A película céntrase na historia de dúas mulleres, que aínda que proveñen de realidades diferentes, teñen algo en común: **a marxinação laboral**. Olga é unha muller cubana que chega a España cunha bolsa de estudos, chea de proxectos, ilusións e soños de conseguir unha vida mellor. Pero andando o tempo a súa "situación" cambia e convértese nunha "inmigrante ilegal na marxinação" máis deste país. As súas metas e os seus soños caen esmorecidos na loita diaria por cumprir co seu traballo e sen poder voltar á casa. Por outro lado coñecemos a Mari Jo, unha valenciana de orixe acomodada con problemas familiares, que traballa na mesma fábrica que Olga por 2€ a hora. As dúas soñan cun futuro mellor, pero a realidade enfróntaas cunha situación complicada e sen saída inmediata. En resumo, "Aguá con sal" intenta comparar a realidade de dúas persoas diferentes que buscan desesperadamente todo o que perderon e que intentan **sobrevivir nesta sociedade de benestar e supostas grandes oportunidades**. Un filme que nos convida a reflexionar sobre a realidade interior e social de moitas persoas e familias.



EL DIARIO VIOLETA DE CARLOTA

Gemma Lienas

Ed. Alba



O diario violeta de Carlota non é unha novela tampouco un diario íntimo calquera: estamos ante unha **guía subversiva** que nos convida a reflexionar as veces con humor, outras con rabia e moitas veces con impotencia sobre a situación das mulleres no mundo actual.

Carlota, unha rapaza de catorce anos, animada polo xogo que lle propón a súa avoa, comeza a observar o mundo que a rodea coas "gafas violeta" e comproba como situacións que parecían incuestionábeis resultan inxustas e discriminatorias coas mulleres.

Ideal para traballar desde o primeiro curso de secundaria. Ten a virtude de ser un libro sinxelo, doado de ler, con unha linguaxe próxima para as/os adolescentes e que consegue ao mesmo tempo abrir a mente a todo un mundo de reflexións e realidades

desde a chamada perspectiva de xénero.

Libro escrito orixinariamente en catalán, só lamentamos non dispoñer dunha tradución ao galego desde esta lingua.

LA CULTURA DE GÉNERO EN LAS ORGANIZACIONES ESCOLARES

Investigación

Dirección: Enrique Javier Díez Gutiérrez

Ed: Octaedro

Vén de publicarse un libro cos resultados desta interesante investigación realizada na Universidade de León co apoio do Instituto de la Mujer. O obxectivo principal era o de analizar unha realidade que se manifesta teimuda no ámbito educativo: que habendo unha maioría esmagadora de traballadoras do ensino non exista unha correspondencia co número de directoras de centros educativos. O que se deu en chamar **"o harén pedagóxico"** (o director rodeado de profesoras) segue presente sen que se pensase aínda en medidas correctoras deste feito. Parécenos por tanto un libro imprescindible sobre Organización Escolar no que a través de cuestionarios, entrevistas e grupos de discusión analizase esta realidade.

Trátase de detectar as actitudes e crenzas do colectivo de mulleres docentes cara á función directiva, así como analizar as barreiras que están presentes na cultura das organizacións escolares que poidan ser condicionantes para que se produza esta desigualdade numérica por razón de xénero. Adicase tamén unha parte moi interesante aos diferentes estilos de dirección que foron detectados onde o factor de xénero tamén parece relevante.

